



UNIVERSIDADE DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
 D. Pedro Merino Gómez
 D. Javier de Vicente Remesal
 D. Antón Fernández Álvarez
 D. Juan M. Suárez Creo
 D. Xosé Manuel Cid Fernández
 D. Julio Taboada Pérez
 D^a. Margarita Estévez Toranzo
 D^a. Josefina Álvarez Andrés (CC.OO)
 D. Miguel Ángel Areán Míguez
 D^a. Fátima Arias Novoa
 D^a. Silvia Bermúdez Pérez
 D^a. M^a del Carmen Cabeza Pereiro
 D. Manuel Ángel Candelas Colodrón
 D^a. M^a Victoria Carballo-Calero Ramos
 D. Victor Cardador González
 D. Juan Carlos Carpintero Sánchez
 D. Pablo Javier Cebra Loureda
 D. Eusebio Corbacho Rosas
 D^a. Patricia Corbacho Suso
 D. Xosé Henrique Costas González
 D. Guillermo de Oca Cancela
 D^a. M^a del Carmen De Arriba Pérez
 D. José Durany Castrillo
 D. Luis Espada Recarey
 D. José Ramón Fernández Bernárdez
 D. Manuel Fernández Cruz
 D. José Manuel Gil Villanueva
 D. Manuel Gutiérrez Nieto
 D. José Luis Legido Soto
 D. Miguel Loureiro Blanco
 D. Gonzalo Marino González
 D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
 D. Andrés Mazaira Castro
 D. Pedro Membiela Iglesias
 D. Luis Ortíz Torres
 D. Antonio Pena Giménez
 D. Alberto Pena Rodríguez
 D. Candido Pérez Betanzos (CIG)
 D. Luis Pérez Gómez
 D^a. Nikole Pérez Mato
 D. José Pose Blanco
 D. Manuel J. Reigosa Roger
 D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
 D. Carlos Román Lago
 D. Patricio Sánchez Bello
 D. Xoán Xosé Santamaría Conde (UXT)
 D. José Tojo Suárez
 D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo
 D. Manuel Varela Lafuente
 D. Manuel Velasco Graña
 D. Federico Vilas Martín

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, de nove de novembro de dous mil, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación

O xoves, **día 9 de novembro de 2000**, ás 10:00 horas, comezou a sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (26-09-2000).
- 2.- Informe do Rector.
- 3.- Aprobación, se procede, da modificación dos cánones mínimos para os diferentes servizos contratados pola Universidade.
- 4.- Aprobación, se procede, da conta de liquidación do presuposto e memoria (exercicio 1999).
- 5.- Asuntos de profesorado: prazas BOE, transformacións, visitantes, permisos, solicitude de ano sabático. Interpretación da relación 1 a 3 entre o número de Catedráticos e Titulares de Universidade consonte ó Rergulamento de Profesorado. Acordo para a contratación do profesorado asociado (regulación transitoria consonte ó R.D. 70/2000).
- 6.- Proposta de concesión do grado de "Doutor Honoris Causa" a D. Julio Fernández Gayoso (a proposta do Departamento de Fundamentos da Análise Económica e Historia e Institucións Económicas).
- 7.- Concesión, se procede, da medalla de Ouro da Universidade á Xunta de Galicia e á Universidade de Santiago.
- 8.- Aprobación, se procede, da proposta de normativa de permanencia.
- 9.- Aprobación, se procede, dos planos de estudo de Licenciado en Economía, Licenciado en Administración e Dirección de Empresas e Enxeñeiro Industrial.

- 10.- Plano de estudos da Licenciatura en Química.
- 11.- Aprobación, se procede, dos seguintes cursos de Postgrao: III Master en Condicións de Traballo e Prevención de Riscos Laborais, I Master en Intervención Psicoeducativa de Menores en Desamparo/Conflicto Social, II Master en Dirección e Xestión de Programas e Centros Xerontolóxicos Socio-Sanitarios, I Curso de Especialista en Mediación Familiar, I Curso de Especialista en Intervención Psicosocioducativa de Menores en Desamparo/Conflicto Social, I Curso de Especialista en Actividade Física e Deportes na Vida Adulta e Terceira Idade.
- 12.- Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno dos seguintes Departamentos: Informática, Enxeñería de Sistemas e Automática.
- 13.- Aprobación, se procede, da sintura de convenios entre a Universidade de Vigo e Memorial University of Newfoundland (Canadá), Univ. Cheikh Diop de Dakar (Senegal), Univ. Tecnológica Nacional Facultad Regional Río Grande (Argentina), Univ. Nacional de la Rioja (Argentina), University of South Dakota (Estados Unidos).
- 14.- Aprobación, se procede, do Regulamento de Voluntariado.
- 15.- Elección para cubrir unha vacante no Consello Social (sector PDI).
- 16.- Eleccións par cubrir as seguintes vacantes en Comisións Delegadas de Xunta de Goberno: Comisión de Planificación (2 vacantes PDI), Comisión de Asuntos Económicos (1 vacante PAS), Comisión de Estudiantes (1 vacante PAS).
- 17.- Elección para cubrir vacantes na Comisión de Reclamacións (3 vacantes PDI, 1 vacante estudantes).
- 18.- Rogos e preguntas.

Punto 1. *Acta 26-09-2000*

O profesor Corbacho indica que o texto que figura como anexo IV debe estar no apartado de "rogos e preguntas" . Acéptase. O Sr. Santamaría pide que se engada a acta de hoxe o texto que figura como anexo I.

Apróbase a acta por asentimento.

Punto 2. *Informe do Rector.*

Neste punto, o Rector informa sobre:

- a próxima sinatura do convenio para recoñecemento de sexenios docentes e complementos dos Titulares de Escola Universitaria.
- a intención de someter á aprobación da Xunta de Goberno modificacións puntuais nas normas de xestión académica tendentes a solventar situacións producidas ó implantar planos de estudio cando non hai correspondencia entre materias dos planos novos e vellos ou ben cando non é posible matricularse no novo plano por non ter materias aprobadas.
- a solitiude da Universidade da Coruña da creación dunha Facultade de Ciencias da Saúde (neste punto varios membros da Xunta de Goberno interveñen coincidindo na necesidade de respectar o mapa de titulacións e de seguir as regras establecidas; opinan que sería de interese debatir sobre os estudos de Ciencias da Saude na Universidade de Vigo).

Punto 3. *Aprobación, se procede, da modificación dos cánones mínimos para os diferentes servicios contratados pola Universidade.*

O Sr. Xerente Don Xulio Taboada Pérez explica que o actual sistema de cánones está a producir problemas. O que se ingresa por este concepto non é significativo e a proposta é que o propio servicio de contratación determine en cada caso a contía do canon en lugar de ter regras ríxidas que non nos benefician. Esta idea, de avaliar o canon para cada caso, é o que se está a facer na administración en xeral.

Apróbase a proposta por asentimento.

Punto 4. *Aprobación, se procede, da conta de liquidación do presuposto e memoria (exercicio 1999).*

O Sr. Xerente, Don Xulio Taboada Pérez explica as liñas xerais da conta de liquidación do presuposto do ano 1999.

A continuación interveñen varios membros da Xunta de Goberno.

O profesor Vilas pregunta se é posible axilizar a xestión e reducir as trabas burocráticas (o xerente di que non se pode avaliar a axilidade a partir da conta).

O profesor R. Berrocal di que hai temas que non son técnicos senón políticos. Opina que o nivel de execución é malo e que hai unha excesiva cantidade de pesetas adicada ó pagamento de profesores invitados. Pide que este tema se pospoña e que tódolos membros de Xunta de Goberno teñan a documentación completa.

O profesor Tojo di que a execución é unha mostra da axilidade. Opina que é un sinal de mala execución do orzamento que se peche o exercicio (nos Centros) o día 13 de novembro. Di que a tesourería da Universidade aumenta ano tras ano e insiste en que non se trata dun mero trámite xa que o documento reflicte a axilidade dos Vicerrektorados.

O profesor Corbacho pide que se pospoña o punto.

O Xerente insiste en que non é o mesmo liquidación da conta que axilidade. Explica cales son os tres apartados máis importantes entre os que se reparten os remanentes:

a) no ano 1998 había un remanente de 780 millóns entre ORI, Cacti e Departamentos. No ano 1999 ese remanente é de 1000 millóns; se gastou máis diñeiro do que entrou.

b) en infraestructuras o remanente era de 4000 millóns e no ano 1999 de 5.600 millóns; hai que salientar que son varias as obras iniciadas.

c) as previsións ou reservas cautelares que nunca descenden de 1.500 millóns de pesetas.

A Sra. Corbacho pide que se pospoña o punto.

O profesor Pose di que a xestión é mala e que este tema chega con retraso á Xunta de

Goberno.

O Xerente di que o Vicerrector de Planificación, Don Xosé M^a Da Rocha, tivo especial empeño en que empezaran a aflorar os remanentes dende o ano 1998 e que no orzamento do ano 2001 aparecerán en orzamento todos os remanentes.

O profesor Tojo di que é necesario analizar as contas e que se estudie o tema noutra Xunta de Goberno.

O profesor Mazaira opina que o tema non se debe aprazar. A conta de liquidación está feita polo persoal responsable e é a que é. Non é un tema político.

O Rector di que o que se somete a aprobación é un documento contable. As contas son as que son e non poden ser retocadas, con independencia de que a xestión sea boa ou mala. O punto non se vai retirar. A inquietude sobre a xestión que se está a percibir, pode ser analizada nunha sesión de Xunta de Goberno antes da elaboración do seguinte presuposto. Comprométese a convocar unha Xunta de Goberno extraordinaria para analizar a xestión orzamentaria.

Sométese a votación a aprobación da conta de liquidación do presuposto do ano 1999:

- A favor 25 votos
- En contra 2 votos
- Abstención 4 votos

Apróbase.

Punto 5. Asuntos de profesorado:

Antes de entrar no punto, o profesor Santamaría fai unha intervención que se recolle no Anexo II.

- Prazas BOE

Apróbanse por asentimento as seguintes:

H08	690	CAT-UN	Pontevedra	---
T02	535	CAT-UN	Vigo	---
X10	735	CAT-UN	Ourense	---
X10	735	TIT-UN	Ourense	---
X06	225	TIT-UN	Vigo	Daniel Miles Touya
T12	560	TIT-UN	Vigo	Andrés Suárez González
T12	560	TIT-UN	Vigo	Raúl Fernando Rodríguez Rubio
T12	560	TIT-UN	Vigo	Manuel Ramos Cabrer
C05	265	TIT-UN	Vigo	Estela Sánchez Rodríguez
X10	735	TIT-EU	Ourense	---

- Transformacións

Apróbanse por asentimento as seguintes:

H02	567	Manuel Justo Gil	de ASO T3P6 a ASO T3P3
T08	385	Nandini Banerji Banerji	de PP1 a PP2
T08	385	Concepción Mora Domínguez	de ASO T3P6 a ASO T3P3
T08	385	José Manuel Dapena Márquez	de ASO T3P6 a ASO T3P3
X07	230	M ^a José Cabaleiro Casal	de PP1 a PP2
X07	230	Francisco Rodríguez De Prado	de PP1 a PP2
X07	230	Xavier Matínez Cobas	de PP1 a PP2
X09	650	Víctor Casal Antón	de ASO T3P6 a ASO T3P3

- Visitantes

O profesor Peñalver solicita aclaracións sobre a praza de profesora visitante para Leticia Lorenzo Picado para os efectos de indicar a Universidade coa que ten vinculación. Os profesores R. Berrocal e Tojo recordan que está pendente a elaboración dun regulamento de profesores visitantes.

Apróbanse as seguintes prazas de profesores visitantes coa abstención do profesor Sánchez Bello:

- Dona Amalia Jacome Pumar , coa categoría de PP1, desde 01-10-00 ata o 30-09-01, no Departamento de Estatística e Investigación.
- Don Javier Roca Pardiñas, coa categoría de Titular de Escola Universitaria desde 01-10-00 ata 30-09-01, no Departamento de Estatística e Investigación Operativa.
- Don Juan Carlos Pardo Fernández, coa categoría de PP1, desde 01-10-00 ata o 30-09-01, no Departamento de Estatística e Investigación Operativa.
- Dona Leticia Lorenzo Picado, coa categoría de PP1, desde 01-10-00 a 30-09-01, no Departamento de Estatística e Investigación Operativa.
- Don José Bienvenido Diez Ferrer, coa categoría de Titular de Universidade interino desde 01-10-00 ata o 30-09-01, no Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio.
- Don Iván León Luna, coa categoría de Asociado T3P3 desde 01-10-00 ata 30-09-01, no Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio.
- Don Javier Alcántara Carrió, coa categoría de Titular de Universidade interino, desde 01-10-00 ata 30-09-01, no Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio.
- Don José Nespereira Jato, coa categoría de Asociado T3P3 desde 09-10-00 ata que finalice a baixa de Ana Campillo Ruiz, no Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio.
- Don Xosé Manuel Pérez Sardiña, coa categoría de Asociado T3P6 desde 10-11-00 ata 30-09-01, no Departamento de Filoloxía Galega e Latina.
- Dona Paula López Rúa, coa categoría de profesor visitante PP2 desde 03-11-2000 ata febreiro de 2001, no Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemana.
- Don Luis Lorenzo Esperante, coa categoría de Titular de Escola Universitaria desde 01-

10-00 ata 30-09-01, no Departamento de Física Aplicada.

- Don Leslie M. Fernández Fernández, coa categoría de Asociado T3P3 desde 01-10-00 ata 30-09-2001, no Departamento de Física Aplicada.

- Don Pedro Ribera Rodríguez, coa categoría de Titular de Universidade desde 01-10-00 ata 30-09-01, no Departamento de Física Aplicada.

- Don Carlos Souto Torres, coa categoría de Titular de Universidade desde 01-10-00 ata 30-09-01, no Departamento de Física Aplicada.

- Dona Silvia Torres López, coa categoría de Titular de Escola Universitaria, desde febrero de 2001 ata 30-09-01, no Departamento de Física Aplicada.

- Don Daniel Tomasini, coa categoría de Titular de Universidade, desde 01-10-00 ata 30-09-01, no Departamento de Física Aplicada.

- Don Miguel Enrique Rodríguez Méndez, coa categoría de PP1, desde 01-10-00 ata 30-09-01, no Departamento de Economía Aplicada.

- Don Joaquín Dosil Díaz, coa categoría de Titular de Escola Universitaria, desde 01-10-00 ata 30-09-01, no Departamento de Psicología Evolutiva e Comunicación.

- Permisos

Apróbanse por asentimento os seguintes:

- Don Florentino Fernández Riberola desde o 01-03-01 ata 31-05-01.

- Don Fernando Díaz Gómez desde 01-03-01 ata 31-05-01

- Ano sabático

Apróbase por asentimento a solicitude de ano sabático de Don Jesús De Juana López.

- Interpretación da relación 1 a 3 entre o número de Catedráticos e Titulares de Universidade consonte ó Regulamento de Profesorado.

O Vicerrector de Profesorado, Don Javier de Vicente Remesal, presenta a proposta que figura na documentación e que figura nesta acta como anexo III.

O profesor Durany entende que outra interpretación diferente iría en contra dos Estatutos e do regulamento de Profesorado. Di que esta interpretación é a que se ven aplicando ata agora.

O profesor Reigosa recorda que a relación 1/3 dos Estatutos está ligada á financiación. Opina que as cátedras adicionais deberían ligarse á calidade e á produción e que sería bo elaborar un programa especial de cátedras deste tipo.

O profesor Corbacho di que se debería debatir en Claustro unha modificación do regulamento de profesorado.

O profesor R. Berrocal entende que o debate só é significativo en áreas pequenas (entre 3 e 10 titulares de Universidade). Propón que na última liña do apartado 3 se cambie "tres" por "un".

O profesor Legido opina que hai que ser o menos restrictivo posible xa que en términos globais estamos por debaixo da relación 1/3.

O Rector di que é interesante analizar cales son os mecanismos que permitan mellorar a cualificación da plantilla. Quizá este non é un tema de Xunta de Goberno, pero mentras, a Comisión de Docencia ten que ter un criterio de traballo.

O profesor Durany se mostra favorable a ter un debate global. É necesario desenvolver artigo 138.1 e 138.2 dos Estatutos.

O profesor Tojo di que o problema é máis profundo, que hai áreas que sistematicamente se negan a sacar cátedras a concurso. Quizás non sempre se deben deixar tódalas competencias nos Departamentos .

O Rector se mostra favorable a impulsar este tipo de accións e di que se percibe no debate que a Xunta de Goberno ten interese neste tema. Comprométese a tratar este tema na programación plurianual e indica que a Comisión de Docencia debe facer unha primeira proposta que chegue á Comisión Académica do Claustro e poder plantexar novas iniciativas, reformas de regulamentos etc.

Agora pode utilizarse esta proposta de relación 1/3. A Xunta de Goberno se mostra de acordo.

- Acordo para a contratación do profesorado asociado (regulación transitoria consonte ó R.D. 70/2000)

O Vicerrector de Profesorado, Don Javier de Vicente Remesal, explica o contido da proposa para a contratación do profesorado asociado que xurde do Real Decreto 70/2000.

O profesor Candelas propón unha mellor redacción do punto 5.

O profesor Santamaría presenta unha proposta alternativa que figura no anexo II.

Sométense as propostas a votación:

- A favor da proposta do Vicerrector	22 votos
- A favor da proposta do Profesor Santamaría	0 votos
- Abstencións	0

Apróbase a proposta que se engade á acta como anexo IV.

Punto 6. *Proposta de concesión do grado de "Doutor Honoris Causa" a D. Julio Fernández Gayoso (a proposta do Departamento de Fundamentos da Análise Económica e Historia e Institucións Económicas).*

Apróbase por asentimento.

Punto 7. *Concesión, se procede, da medalla de Ouro da Universidade á Xunta de Galicia e á Universidade de Santiago.*

Os profesores Candelas e Pose non considera a afortunada a proposta. Quizás outras institucións terían máis merecementos.

Din que a creación da Universidade de Vigo foi inevitable e que a Xunta de Galicia ten a obriga de apoiar ás Universidades.

Os profesores Tojo e R. Berrocal opinan que estes temas deben consensuarse previamente.

O profesor Santamaría fai a intervención que se recolle na acta como anexo V.

O Rector di que a Xunta de Galicia non tivo a obriga de crear as Universidades de Vigo e Coruña. Non estamos premiando unha obriga, senón tamén o compromiso coa Universidade galega. Recorda que deste tema xa foi informada a Xunta de Goberno na anterior sesión. Considera que esta é unha boa forma de iniciar a concesión das medallas de ouro da Universidade.

Apróbase a proposta por asentimento.

Punto 8. *Aprobación, se procede, da proposta de normativa de permanencia.*

O Vicerrector de Docencia a Alumnado, Don Juan Suárez Creo, fai un repaso dos pasos seguidos e das consultas feitas cos representantes dos estudantes dende o Claustro no que se aprobara a moción na que se rexeitaba a Normativa de Permanencia.

Os profesores Gutiérrrez e Corbacho piden aclaracións na redacción dalguns puntos.

A Sra. Bermúdez pregunta se no punto 2.3 hai que facer renuncia expresa (respóndeselle que si) e manifesta o seu desacordo co punto 5.3.

O profesor M. Peñalver considera que a avaliación curricular debería ser un tema excepcional.

Apróbase a proposta por asentimento.

O Sr. Cardador , en nome dos estudantes, pide que conste en acta unha felicitación ó Vicerrector de Docencia e Alumnado, profesor Don Juan Suárez Creo, polo esforzo feito na elaboración da normativa.

Punto 9. *Aproación, se procede, dos planos de estudio de Licenciado en Economía, Licenciado en Administración e Dirección de Empresas e Enxeñeiro Industrial.*

Plano de estudos de Licenciado en Economía:

A Sra. Bermúdez mostra o seu desacordo coa existencia de claves e a desaparición da

orientación de recursos naturais.

O Vicerrector de Organización Académica, Don Antón Fernández, explícalle que coa actual normativa xa non hai claves, o único que se esixe é estar matriculado previamente.

O profesor Varela contesta que esa orientación cambia de nome.

O profesor Sánchez Bello non está de acordo co feito de que a proposta supere en 6 créditos o promedio cando outras titulacións intentaron respectalo.

O profesor Reigosa di que non hai que ser escravos da letra ó 100% e que debe aprobarse con esa carga de créditos.

Sométese a votación:

- A favor	22 votos
- En contra	2 votos
- Abstencións	6

Apróbase.

Plano de estudos de Administración e Dirección de Empresas

Sométese a votación:

-A favor	22 votos
- En contra	0 votos
- Abstencións	5

Apróbase.

O Vicerrector de Organización Académica, Don Antón Fernández, en nome da COAV pide que conste en acta a felicitación á Facultade de Económicas polo consenso acadado na elaboración dos dous planos de estudos

Plano de estudos de Enxeñería Industrial

O Vicerrector de Organización Académica resume as obxeccións detectadas na COAV:

- número total de créditos excesivo.
- materias cun número de créditos non múltiplo de 1,5.
- máis de 45 créditos teóricos por cuadrimestre.
- descriptores non axustados ó BOE.
- etc.

que se resumen nun informe que se presenta como anexo VI.

O profesor Tojo di que ó final do informe, cando se di "favorable", debe entenderse como

"favorable a súa tramitación" e non "favorable". Indica que o impreso debe ser corrixido nestes termos. Precisa que a COAV detectou moitas deficiencias e incumprimentos.

O profesor Pérez Donsión, Director da E.T.S. de Enxeñeiros Industriais, di que o plano actual ten 525 créditos e que esta proposta ten 390 créditos. Esta redución é moi forte xa que equivale a dous cursos académicos. En relación co informe da COAV, manifesta a vontade de cambiar o indicado nos puntos 1.1, 1.2, 1.3, 1.4,2.1, 3.1, 5.1, 5.3 e 6. Non parece fácil a corrección nos puntos 1.5 (ordenación temporal), 4.1 (créditos totais por materia na docencia práctica), 5.2 (carga total) e 5.4 (ordenación temporal).

Os profesores Corbacho e Peñalver opinan que hai puntos que poden ser retocados antes do Claustro (1.5 e 5.4).

O profesor Reigosa considera razoable que se acepte a carga lectiva global así como a proposta do Centro no punto 4.1.

O profesor Cidrás (profesor do Centro), en relación co punto 1.5 di que se fixo así por unha adecuada orientación curricular en cada especialidade.

Nese sentido, o profesor Pardo, Subdirector do Centro, di que forzar este tema impediría unha boa ordenación das ensinanzas.

O Rector di que entende esa proposta cando se fala de ordenación entre cursos pero non entre cuatrimestres.

O profesor Rodríguez Berrocal di que non se deben aprobar troncais diferentes para cada orientación.

O profesor Pérez Donsión asume o compromiso de reformar a proposta para que cada 3 orientacións compartan a troncalidade.

O Sr. Cardador opina que esa reforma vai ser complicada.

Sométese a votación o plano coa condición (anticipada xa polo Director do Centro), de que cada grupo de tres orientacións comparta a troncalidade, e se a lei o permite se lle dea ó Centro a liberdade de organización (cursos ou cuatrimestres). Ademais, acéptase a carga global, materias optativas cun número de créditos prácticos non múltiplo de 1,5. Deben modificarse os apartados xa aceptados polo Director do Centro:

- A favor:	20 votos
- En contra:	0 votos
- Abstencións:	7

Apróbase con esas condicións.

Punto 10. *Plano de estudos da Licenciatura en Química.*

O Vicerrector de Organización Académica, Don Antón Fernández, informa de que, en contra do acordo da Xunta de Goberno, a Xunta de Titulación de Química acordou non incluír a 5ª orientación (25 votos a favor, 24 en contra e 5 abstencións). De acordo coa normativa se lle da un último prazo para que a inclúa. De non ser así, será de aplicación o establecido no artigo 5.8 da normativa e a unha Comisión a nomear se lle encargará a elaboración do plano de estudos.

Punto 11. *Aprobación, se procede, dos seguintes cursos de Postgrao: III Master en Condicións de Traballo e Prevención de Riscos Laborais, I Master en Intervención Psicoeducativa de Menores en Desamparo/Conflicto Social, II Master en Dirección e Xestión de Programas e Centros Xerontolóxicos Socio-Sanitarios, I Curso de Especialista en Mediación Familiar, I Curso de Especialista en Intervención Psicosocioducativa de Menores en Desamparo/Conflicto Social, I Curso de Especialista en Actividade Física e Deportes na Vida Adulta e Terceira Idade.*

O Vicerrector de Organización Académica, Don Antón Fernández, di que está pendente (nalgúns deles) a aprobación das taxas por parte do Consello Social. Este trámite estará cumprido antes da aprobación destes cursos polo Claustro. Para aqueles que non son primeiras edicións, se o Consello Social modifica as taxas, terán que estudiarse de novo en Xunta de Goberno.

En relación co I Curso de Especialista en Actividade Física e Deportes na Vida Adulta e Terceira Idade, o profesor Gutiérrez di que debería desaparecer o módulo de Fisioterapia. Observa deficiencias nos puntos 3.1, 3.3, 3.4 e 3.5.

Acórdase retirar este curso ata a seguinte Xunta de Goberno.

O resto dos cursos apróbanse por asentimento.

Punto 12. *Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno dos seguintes Departamentos: Informática, Enxeñería de Sistemas e Automática.*

Apróbanse por asentimento.

Punto 13. *Aprobación, se procede, da sintura de convenios entre a Universidade de Vigo e Memorial University of Newfoundland (Canadá), Univ. Cheikh Diop de Dakar (Senegal), Univ. Tecnológica Nacional Facultad Regional Río Grande (Argentina), Univ. Nacional de la Rioja (Argentina), University of South Dakota (Estados Unidos).*

Apróbase por asentimento.

Punto 14. *Aprobación, se procede, do Regulamento de Voluntariado.*

Apróbase por asentimento.

Punto 15. *Elección para cubrir unha vacante no Consello Social (sector PDI).*

O resultado da votación foi o seguinte:

- Luis Ortiz Torres	25 votos
- Juan José Santamaría Conde	2 votos
- En branco	3 votos

Queda elixido o profesor Don Luis Ortiz Torres.

Punto 16. *Eleccións par cubrir as seguintes vacantes en Comisións Delegadas de Xunta de Goberno: Comisión de Planificación (2 vacantes PDI), Comisión de Asuntos Económicos (1 vacante PAS), Comisión de Estudiantes (1 vacante PAS).*

- Comisión de Planificación

- José Durany Castrillo	17 votos
- Carmen Cabeza Pereiro	7 votos
- F. Javier Rodríguez Berrocal	7 votos
- Juan José Santamaría Conde	0 votos

Quedan elixidos os profesores:

- Don José Durany Castrillo
- Dona Carmen Cabeza Pereiro (desempate por garantía de ámbito de Humanidades).

- Comisión de Asuntos Económicos

A única candidatura presentada foi a de Don Manuel Fernández Cruz que pasa a formar parte da devandita Comisión.

-Comisión de Estudiantes

Non se presentaron candidaturas.

Punto 17. *Elección para cubrir vacantes na Comisión de Reclamacións (3 vacantes PDI, 1 vacante estudiantes).*

O resultado foi o seguinte:

Votos emitidos	42
Ana Pita Grandal	23 votos
Anxo Lorenzo Suárez	27 votos
Patricia Corbacho Suso	17 votos
En branco	1 voto

Continua vacante o posto de representación dos estudantes xa que Dona Patricia Corbacho Suso non acadou a maioría absoluta dos presentes.

Polo Sector PDI quedan elixidos Dona Ana Pita Grandal e Don Anxo Lorenzo Suárez.

Punto 18. Rogos e Preguntas.

O profesor Rodríguez Berrocal, en nome do profesor Reigosa manifesta a súa protesta polas actividades vandálicas no Campus de Lagoas-Marcosende o día da festa de "San Teleco".

O Sr. Cardador di que se debería suprimir o "asalto" que se produce na procesión de "San Teleco".

O profesor Tojo maniféstase no mesmo sentido.

A Sra. Arias pregunta por que non se convocan na Facultade de Filoloxía e Traducción eleccións de representantes en Xunta de Centro.

O Sr. Cebal roga que se solucionen os problemas da rede.

A Sra. Corbacho pregunta cal vai a ser o local no Edificio de Fundición para a Delegación de alumnos de Dereito Económico.

O profesor Sánchez Bello pregunta por que os Centros non foron informados oficialmente da chegada dos novos membros do PAS.

O profesor Martínez Peñalver roga que se tomen as medidas para solucionar o problema de acceso ó Centro que ten un alumno minusválido de Telecomunicacións.

O Sr. Santamaría roga que se informe á Xunta de PDI do acordo relativo ó profesorado asociado (R.D. 70/2000). Tamén pide que se actualice o Censo do Claustro.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 15:15 horas, da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co Vº e pr. do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo